

Proposicións, suxestións ou recomendacións ao proxecto do Decreto ___/2014, do __ de _____, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos

1. Instrucións

Para dar cumprimento ao disposto nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro (DOG do 31 de decembro), de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon a exposición pública o decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Este documento pretende mellorar e validar o borrador do decreto grazas á achegae da súa opinión ou da organización á que represente. Por este motivo, rógase que siga estas indicacións:

- Realice as súas proposicións, suxestións ou recomendacións con precisión e brevidade.
- No caso de achegar varias suxestións, pode modificar este documento engadindo deseñado unha copia da táboa proposta.
- Arquive este documento, logo de completado, engadíndolle o nome da súa organización ou o seu nome (exemplo: *Contraste_Decreto_FPB_nomeorganización.doc* ou *Contraste_Decreto_FPB_nome_apelido1_apelido2.doc*)

Despois de finalizado, por favor, remita o seu documento ao enderezo de correo electrónico curriculosfp@edu.xunta.es.

Grazas pola súa colaboración. <http://www.edu.xunta.es/fp/borrador-fpbasica-curriculos>

2. Proposicións, suxestións ou recomendacións

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	Xeral
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p>Creemos imprescindible que no Decreto se contempla unha resposta educativa ó alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), o alumnado con Necesidades Educativas Especiales (NEE) e as persoas en risco de exclusión social, entendendo como tales as pertencentes a colectivos recollidas na actual Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e no Artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, dado que o acceso adaptado e inclusivo á Formación Profesional é unha ferramenta imprescindible para garantir unha inclusión social efectiva e á que teñen dereito.</p>		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	ARTIGO 15
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p>Observamos con moita inquietude de cara a inclusión efectiva de persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, que se esixa como requisito imprescindible para o acceso á FP Básica "Ter cursado o primeiro ciclo da educación secundaria"</p> <p>Nos requisitos de acceso a FP Básica da oferta obrigatoria debe contemplarse as particularidades das persoas en risco de exclusión e en particular do alumnado con NEAE e NEE, tal que;</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non contemplar como requisito de acceso a idade e ter cursado o 1º ciclo da ESO (1º, 2º e 3º ESO) • Requisitos de acceso para as persoas en risco de exclusión social, alumnado con NEAE e NEE; abrir a oferta de FP Básica sen límite máximo de idade, en réxime de adultos e oferta modular presencial (igual que existe nos ciclos de FP), ofrecendo a alternativa de acceder a un Título académico FP Básica, para adultos que quedan fora dos estudos de Formación Profesional regrada porque non cumpren os requisitos de acceso a ciclos. 		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p><u>ARTIGO 15. Oferta de ciclos formativos e requisitos de acceso. (pax 13)</u></p> <p><i>Engadir novo apartado no punto 1 en canto ós requisitos de acceso á oferta a obrigatoria:</i></p> <p>d) Para alumnos/as con NEAE, NEE, pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, se establecerán por norma os seguintes requisitos excepcionais: exención da idade máxima de acceso e exención de ter cursado o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria.</p>		

Se precisa realizar máis propostas realice unha copia do cadro e péguelo a continuación.

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	ARTIGO 16.
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
Regular unha reserva de prazas para alumnos/as con NEAE, NEE e/ou en risco de exclusión en cada especialidade; mínimo reserva de 3 prazas por curso.		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<u>ARTIGO 16. ADMISIÓN AOS CICLOS FORMATIVOS. (pax 13-14)</u>		
<i>Engadir:</i>		
Establécese unha reserva mínima de 3 prazas por curso para alumnos/as con NEAE, NEE e/ou en risco de exclusión.		

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	ARTIGO 28
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p>Garantir unha ratio de alumnos/as en aula que permita unha formación e capacitación efectiva e eficaz; máximo 12 alumnos/as curso na liña do regulado nos PCPI; tendo en conta que contemplar un número superior de alumnos/as dificulta a aprendizaxe e a inclusión do alumnado con NEAE, NEE e/ou en risco de exclusión.</p>		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p><u>ARTIGO 28 (pax 18)</u></p> <p><i>Modificar punto 3 (só o marcado en negrita no texto):</i></p> <p>3. A consellería con competencias en materia educativa autorizará o número de alumnos e alumnas por cada ciclo formativo de formación profesional básica en función das características deste, da localización do centro educativo e da organización de grupos específicos. En calquera caso, na modalidade presencial, o número máximo será de 12 alumnos ou alumnas por unidade escolar, sen prexuízo do establecido no artigo 87.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.</p>		

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	Capítulo IX Atención á diversidade e programas formativos adaptados
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p>O longo do articulado deste capítulo IX desenvólvese a adaptación dos aspectos metodolóxicos, organizativos e competenciais, incluso de flexibilización modular, o cal valoramos de forma moi positiva, pois daralle cabida a alumnos que ata o día de hoxe, no atopaban unha resposta educativa axeitada máis alá dos 16 anos.</p> <p>Dito o cal, e en coherencia co prantexado no Artigo 15, detectamos que non se fai referencia ao mesmo, podendo modificar os requisitos de acceso para alumnos con necesidades educativas especiais e específicas de apoio educativo, o cal si que vai a ser unha traba para moitos alumnos, que en moitos casos, proveñen de Centros de Educación Especial (específicos ou xeralistas), nos cales, e a través de Adaptacións curriculares moi significativas, cursan ata rematar primaria, pero xa non se incorporan a Secundaria.</p>		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p>Como xa se indica tamén no Artigo 15, cremos que se debería contemplar dentro da atención á diversidade, algunha medida de adaptación do acceso a este ciclo, sen ter que cursar secundaria, que permita a incorporación o mesmo os alumnos os que fai referencia o capítulo IX.</p>		

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	ARTIGO 32
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p><u>Atención á diversidade na oferta obrigatoria:</u></p> <p>Aplicar na oferta obrigatoria de FP básica en centros ordinarios, seguindo os principios de educación obrigatoria inclusiva, as medidas de accesibilidade necesarias para o alumnado con NEE (<i>arts. 20, 21 R.D.Legislativo 1/2013</i>), entre as que como mínimo deben figurar;</p> <ul style="list-style-type: none"> • Flexibilización dos cursos de FPB na liña do regulado nos PCPI. Resulta necesaria unha flexibilización de cursos, contidos, materiais e actividades adaptándose plenamente ás necesidades do alumnado con NEE, sempre que se garanta a súa titulación e se axusten plenamente estas adaptacións ás necesidades do alumnado con NEE. • Lectura fácil; contemplar esta metodoloxía para contidos, realización de probas de avaliación, etc facilitando con esta metodoloxía tanto a aprendizaxe de contidos (para todos os alumnos/as en xeral) como unha máis axustada avaliación dos resultados de aprendizaxe, o que pode evitar en moitos casos de NEE a necesidade de adaptacións curriculares individualizadas. Logrando deste xeito a opción de obter o Título. • Profesorado de Apoio – Reforzo Educativo; que haxa profesorado de apoio debidamente cualificado, que entre as súas funcións teña a obriga de adaptar os contidos ás características específicas do seu alumnado, de realizar o seguimento dos aprendizaxes alcanzados e unha planificación clara dos obxectivos, e de proceder, coordinarse axeitadamente co resto de axentes que participan no plan de intervención do/a alumno/a con NEE (como por exemplo entidades de servizos sociais de atención a discapacidade 		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p><u>ARTIGO 32. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. (pax 21)</u></p> <p>Engadir:</p> <p>Aplicar na oferta obrigatoria de FP básica en centros ordinarios, seguindo os principios de educación obrigatoria inclusiva, as medidas de accesibilidade necesarias para o alumnado con NEE (<i>arts. 20, 21 R.D.Legislativo 1/2013</i>), entre as que como mínimo deben figurar;</p> <ul style="list-style-type: none"> • Flexibilización dos cursos de FPB na liña do regulado nos PCPI. Resulta necesaria unha flexibilización de cursos, contidos, materiais e actividades adaptándose plenamente ás necesidades do alumnado con NEE, sempre que se garanta a súa titulación e se axusten plenamente estas adaptacións ás necesidades do alumnado con NEE. 		

- **Lectura fácil;** contemplar esta metodoloxía para contidos, realización de probas de avaliación, etc facilitando con esta metodoloxía tanto a aprendizaxe de contidos (para todos os alumnos/as en xeral) como unha máis axustada avaliación dos resultados de aprendizaxe, o que pode evitar en moitos casos de NEE a necesidade de adaptacións curriculares individualizadas. Logrando deste xeito a opción de obter o Título.
- **Profesorado de Apoio – Reforzo Educativo;** que haxa profesorado de apoio debidamente cualificado, que entre as súas funcións teña a obriga de adaptar os contidos ás características específicas do seu alumnado, de realizar o seguimento dos aprendizaxes alcanzados e unha planificación clara dos obxectivos, e de proceder, coordinarse axeitadamente co resto de axentes que participan no plan de intervención do/a alumno/a con NEE (como por exemplo entidades de servizos sociais de atención a discapacidade).

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	Artigo 33
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p>En base a Convención da ONU sobre os Dereitos das persoas con Discapacidade que España ratificou estando en vigor no noso país dende o 2008: tal como recolle no seu artigo 24; <i>"asegurar un sistema de educación inclusivo a todos os niveis"</i> é imprescindible garantir a inclusión educativa do alumnado con discapacidade no sistema educativo, polo que resulta determinante definir axeitadamente esta formación, así como a titulación que se vai a obter por parte do alumnado con NEE nestes programas.</p>		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p><u>ARTIGO 33. PROGRAMAS FORMATIVOS PARA OS ALUMNOS E AS ALUMNAS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS DE APOIO EDUCATIVO. (pax 21)</u></p> <p>Engadir:</p> <p>4. A oferta de programas formativos para alumnado con NEE estará garantida en centros ordinarios, incluída na oferta de Formación Profesional Básica obrigatoria, a maiores de que poda haber outras ofertas no obrigatorias alternativas.</p>		

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
X	Articulado Indique o número do artigo	Artigo 23.3
	Disposición Indique o tipo e número	
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p><u>ARTIGO 23.3 AVALIACIÓN (pax 15)</u></p> <p>Permitir un prazo máximo de permanencia superior para o alumnado con NEAE, NEE e/ou en risco de exclusión coa opción de repetir cada un dos cursos unha segunda vez, igual que nos PCPI que contemplaban 2 cursos + 2 flexibilizacións + 1 repetición por curso o que supón un total máximo de permanencia de 6 anos.</p>		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p><u>ARTIGO 23.3 AVALIACIÓN (pax 15)</u></p> <p>Engadir:</p> <p>O alumnado con NEAE, NEE e/ou en risco de exclusión terá opción a prolongar a permanencia máxima ata 6 anos, ben sexa mediante a posibilidade de repetir 2 veces cada curso, ou pola vía da flexibilización de cada curso.</p>		

Indicar cun "X" a que parte do proxecto do decreto realiza a proposición, a suxestión ou a recomendación.		
	Xeral ao texto do proxecto de decreto	
	Exposición de motivos	
	Articulado Indique o número do artigo	
X	Disposición Indique o tipo e número	Disposición adicional segunda.
	Anexo Indique número, nome do currículo e punto do parágrafo	
Explicación da súa alegación (procure redactar de forma clara e precisa)		
<p>Garantir un oferta de FP Básica (tanto na oferta obrigatoria como nos programas formativos, e nas ofertas non obrigatorias) que dea cobertura o amplo territorio de Galicia chegando as zonas rurais con nivel de poboación considerable demandante de dita formación e reforzando así a complementariedade coa política prioritaria da Xunta de Galicia contra a despoboación e o declive demográfico. Isto implica conseguir uns medios de transporte axeitados no suposto de que as persoas con discapacidade non teñan outra opción que desprazarse para conseguir formarse (art. 23 R.D. Legislativo 1/2013)</p>		
Alternativa de redacción (proponha a alternativa referida á alegación)		
<p><u>DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. AXUDAS INDIVIDUALIZADAS DE TRANSPORTE ESCOLAR. (pax 22)</u></p> <p>Modificar (engadir en negra e eliminar o tachado):</p> <p>A consellería con competencias en materia de educación regulará o uso do transporte escolar polo alumnado tanto de ensinanzas de oferta obrigatoria, como oferta non obrigatoria, ou programas formativos (QUE CUMPRE OS REQUISITOS PARA SER CONSIDERADO, SEGUNDO A NORMATIVA APLICABLE, USUARIO LEXÍTIMO DO TRANSPORTE ESCOLAR)</p> <p>Neste sentido, o dito alumnado utilizará as rutas de transporte escolar ou regular actualmente existentes, ata o límite das prazas existentes en cada caso e, de non haber capacidade suficiente nos vehículos contratados ou non existir correspondencia cos itinerarios establecidos, poderá percibir axudas individualizadas de transporte escolar.</p>		